



XOVES

I+D+i

Estimado/a amigo/a:

Co obxectivo de aumentar a competitividade das empresas galegas a través da formación en xestión da innovación, a Axencia Galega de Innovación (GAIN) apoia o **curso de posgrao da Universidade da Coruña “Xestión Empresarial da Innovación”**.

Trátase dun curso de posgrao propio, organizado polo Departamento de Análise Económica e Administración de Empresas da Universidade da Coruña, a través da Cátedra Jean Monnet de Economía Industrial Europea, encamiñado a obter o título de especialista universitario en xestión empresarial da innovación.

O curso, que **abriu o segundo prazo de preinscrición o pasado 1 de decembro**, está dirixido a titulados en economía e empresa, persoal directivo e profesionais sen experiencia en xestión da I+D+i, estudantes de último ano de carreira, así como calquera persoa interesada en proxectos innovadores.

Os estudos **estrutúranse en dúas partes**, que poden cursarse de forma separada ou conxunta, segundo as necesidades formativas dos estudantes. O módulo 1 trata da innovación na empresa: investigación, desenvolvemento e márketing e, o modulo 2, sobre xestión integral da empresa innovadora. Ademais, conta cunha **formación práctica** de tres meses en empresas innovadoras e centros de investigación, tecnoloxía ou transferencia.

O inicio do curso está previsto para o vindeiro mes de febreiro e o remate, en xullo, cun horario que pretende ser compatible coa actividade profesional e académica. Poden acceder á información completa do curso a través desta [web](#).

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o **xoves 8 de xaneiro** –suspéndese o servizo de boletín durante o periodo navideño- e **aproveitamos para desexarche unhas felices festas!**

Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a informa.gain@xunta.es dende a conta na que desexe anular a suscrición.